CONCELLO DE
SANXENXO

EXPTE. Nº: 1/PC16/OBRAS/2016: "ACONDICIONAMENTO DA PARCELA MUNICIPAL DE EQUIPAMENTO PÚBLICO (PEI-3)"- LIÑA 1

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta do concelleiro de Xestión e Planificación Urbanística de data 6 de xullo de 2016, que a continuación se transcribe:

**"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE XESTIÓN E PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA**

Á vista da proposta desta concellería de Xestión e Planificación Urbanística sobre a incoación do expediente de contratación das obras de referencia, de data 22 de xuño de 2016, que de xeito literal di:

*"Aprobado o proxecto, por resolución da alcaldía de data 21/06/16 e asinada a acta de replanteo polo enxeñeiro técnico municipal o mesmo día,* ***propoño:***

1) ***A incoación do expediente do Plan Concellos 2016 "Acondicionamento da parcela municipal de equipamento público (PEI-3)",*** *cun orzamento de* ***sesenta mil catrocentos sesenta e catro euros con cinconta e tres céntimos (60.464,53 €), IVE engadido.***

2) ***Solicitar ás empresas que se relacionan de seguido, para optar a contratación das obras sinaladas.***

*CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS S.A (COVSA): R/Herminia Fariña Cobián, Baixo – 36003 Pontevedra, Teléfono 986856454 / 458, Fax 986860103.*

*NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U: R/Colón, 32, 2ºD – 36201 Vigo (Pontevedra), Teléfono 986190020, Fax 986190027.*

*MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L: Lg/Iglesia, 35- 36151 Sta María de Xeve (Pontevedra), Teléfono 986879757. Correo electrónico: info@montajesiglesias.com"""""""*

Presentadas ofertas, no prazo concedido, no rexistro xeral deste concello, por parte das empresas invitadas, e que se detallan de seguido:

- CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS S.A (COVSA), entrada nº 6846 do 28.06.16: Oferta executar a obra polo prezo de CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E SETE EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (49.967,88€), IVE engadido, e unha duración DUN (1) MES.

- NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. entrada nº 6847 do 28.06.16: Oferta executar a obra polo prezo de CORENTA E TRES MIL NOVECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CINCOENTA E TRES CÉNTIMOS (43.933,53 €), IVE engadido, e unha duración DEZ (10 ) DÍAS.

- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L: entrada nº 6901 do 30.06.16: Oferta executar a obra polo prezo de CINCOENTA E SETE MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (57.743,62 €), IVE engadido, e unha duración TRES (3) SEMANAS.

**Á vista do informe técnico** emitido polo enxeñeiro técnico municipal en data de 1 de xullo de 2016, que de xeito literal recolle: *"dado o tipo de obra a executar e as unidades de obra que a compoñen, o prazo de execución (10 días) ofertado pola mercantil NEXIA INFRAESTRUTURAS, S.L.U. non é suficente para levar a cabo as actuacións previstas no proxecto de referencia""""""*.

**Esta concellería propón:**

**Adxudicar a execución das obras de "ACONDICIONAMENTO DA PARCELA MUNICIPAL DE EQUIPAMENTO PÚBLICO (PEI-3)", á empresa "CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA)", segunda oferta co prezo máis baixo, polo importe de CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E SETE EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (49.967,88€), IVE engadido, e unha duración DUN (1) MES.""""""""""""""""""""""""""""""""""**

**No uso das competencias atribuidas a esta alcaldía, resolvo:**

**Primeiro: Adxudicar as obras de "ACONDICIONAMENTO DA PARCELA MUNICIPAL DE EQUIPAMENTO PÚBLICO (PEI-3)", á empresa "CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS S.A (COVSA)", segunda oferta co prezo máis baixo , polo importe de CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E SETE EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (49.967,88€), IVE engadido, e unha duración DUN (1) MES.**

**Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida orzamentaria 92001 / 60100 por un importe de 49.967,88 Euros (IVE engadido).**

**Terceiro:** ***No prazo máximo de cinco (5) días hábiles*** a contar dende o seguinte ao de notificación desta resolución, ***formalizarase en documento administrativo o contrato respectivo,*** no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ao ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adxudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta alcaldía aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

**Cuarto**: Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de ***quince (15) días naturais*** dende a firma do contrato, un ***Plan de Seguridade e Saúde*** na execución da obra, en aplicación do Estudio de

Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Dentro do prazo de ***quince (15) días naturais*** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a ***comprobación do replanteo***, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

**Dada en Sanxenxo a sete de xullo de dous mil dezaseis.**

**O alcalde** — **ante min, secretario xeral**

**Gonzalo Gonzalo Pita** — **Ángel Luis López Pita**